

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

#### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO**

Sendo as 13:00 horas do día 12 de febreiro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais dona Esther Muñoz Mella, en representación do Partido Socialista PSG-PSOE; don Antonio Ameijide Osorio, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular; dona Paz Abreira Sobrado, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana I. Sáez Mancebo da titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento. Tamén asisten don José Reigosa García, xefe do Parque Móbil Municipal, don Julio González Morandeira, de Servizos Xerais, dona Isabel Varela López, xefa da sección de policía urbana e transportes, don Pablo Fuentes Faílde, xefe do servizo municipal de enxeñaría e don Miguel A. Negral Fernández, enxeñeiro de montes do servizo municipal de medio ambiente.

Ábrese a sesión por parte da sra. Presidenta e infórmase aos asistentes que se convoca esta sesión de traballo para dar traslado aos integrantes do grupo técnico encargado da valoración dos criterios non avaliábel automaticamente das aclaracións presentadas polas tres empresas licitadoras participantes no procedemento durante o trámite concedido ao efecto.

Procédese a continuación por parte do secretario da mesa a dar lectura aos escritos presentados polas tres empresas, facendo entrega dos mesmos aos integrantes do grupo técnico para que poidan ser tidos en conta á hora de levar a cabo os traballos de valoracións das proposicións.

No caso de SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A, no citado escrito de aclaracións sostén que a súa proposta de renovación da flota con autobuses ecolóxicos propulsados por gas natural, que como tiña xustifico require dunhas inversións tanto en autobuses como en infraestrutura imposibles de amortizar no período inicialmente previsto de dez anos, está vinculada á concesión inicial da prórroga de cinco anos pola Administración concedente do concurso, quedando esta condicionada, así como o prazo inicial de dez anos, a que SALAMANCA DE TRANSPORTES cupra rigurosamente co esixido no prego de condicións e co ofertado na súa oferta. No seu escrito argumenta a viabilidade desta posibilidade.

**CONTRATACION**

MLA

Ref: TRANSPORTE URBANO

Asunto: Acta lectura aclaracións e solicitude informe e admisión SALAMANCA TRANSPORTES

Ante as dúbidas xeneradas entre os integrantes da mesa de contratación sobre a posibilidade de admitir a proposición desta empresa nesas condicións, acórdase solicitar un informe que emitan conxuntamente a letrada asesora, o interventor xeral e mailo xefe do servizo de contratación no que se estudie esta cuestión e se valore á vista da súa proposición e das aclaracións presentadas si é posible admitila ou polo contrario, debe ser excluída do procedemento por incumprimento do prazo de duración do contrato establecido na cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares, e todo elo con carácter previo á emisión do informe definitivo por parte do grupo técnico para a valoración dos criterios non avaliábles automaticamente.

Sen mais que manifestar, conclúese a reunión ás 13:45 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo: Sonia Méndez García

O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz